



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

Esta mañá o Consello da Xunta vén de anunciar a publicación da **primeira convocatoria do Programa Innova Peme**, un novidoso programa destinado a **fortalecer o posicionamento, a competitividade e a internacionalización das pemes galegas** a través da mellora da súa capacidade innovadora.

Cómpre destacar que será, xunto co Principia, a única convocatoria de **axudas á innovación de carácter individual destinada ás pemes**. Ademais, é a única cun tramo específico para as microempresas.

O Programa Innova Peme, impulsado pola Axencia Galega de Innovación (GAIN), ofrecerá **axudas a fondo perdido para financiar os custos das actividades incluídas nun Plan de Innovación**. Dito plan, que presentará cada empresa solicitante de acordo cun modelo tipo que se incluírá na convocatoria, deberá reunir un **conxunto integrado de traballos e accións que constitúan unha folla de ruta**, de duración mínima dun ano, que permita ampliar e consolidar as súas capacidades innovadoras e, así, mellorar os seus procesos, a súa organización e ofrecer novos produtos e servizos ao mercado.

As axudas, que **poderán acadar os 150.000 euros** dependendo do tipo de empresa, terán unha **intensidade do 50% do orzamento subvencionable** de cada Plan de Innovación, que estará comprendido entre os 100.000 e os 200.000 euros para as micropemes, e entre os 150.000 e os 300.000 euros para as pemes. Poderán destinarse ao financiamento de **custos de persoal, adquisición de licenzas de propiedade industrial ou equipamento e material instrumental, servizos de asesoramento e apoio en materia de innovación**, incluída a incorporación temporal de expertos altamente cualificados, ou custos derivados da **obtención e defensa de patentes** e outros **activos inmateriais**, entre outros.

Ademais, as empresas beneficiarias poderán solicitar **acompañamento financeiro posterior para a comercialización e industrialización da innovación** a través dos fondos de capital risco xestionados por XesGalicia.

A convocatoria, que **sairá publicada no Diario Oficial de Galicia nos vindeiros días**, terá un **orzamento total de 5 millóns de euros**, cofinanciados no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020. O prazo para a presentación de solicitudes, de xeito exclusivamente electrónico a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia (procedemento IN848D), será de **dous meses desde a publicación**.

Mañá poderedes obter máis información sobre o Programa Innova Peme na sección de axudas da **páxina web de GAIN**, no enderezo electrónico **servizos.gain@xunta.gal** ou nos teléfonos **881 999 471/981 957 393**.

Agardamos que esta información sexa do voso interese e despedímonos até o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí .Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.

ESTAMOS EN REDES SOCIAIS
SÉGUENOS NAS TÚAS REDES FAVORITAS!

